



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 01/12/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de novembro de 2025 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/02/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 2 de decembro de 2025.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3436

BURELA*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Ao non presentárense reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Burela sobre a modificación da Ordenanza fiscal Nº 24 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

“ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**Artigo 1º Fundamento**

O Concello de Burela de conformidade co número 2 do artigo 15,o apartado a) do número 1 do artigo 60 e os artigos 61 a 78 da Lei 39 /1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, facendo uso da facultade que lle confire a mesma, en orden á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do imposto sobre bens inmobles, exacción que se rexerá ademais polo imposto na presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º Exencións.

En la aplicación do artigo 63.4 da Lei anteriormente citada, e en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadadora do tributo quedarán exentos de tributación no imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles:

Urbanos que a súa cota líquida sexa inferior a 3,00 €

Rústicos no caso de que, para suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 €.

Artigo 3º Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será para:

Bens inmobles urbanos: 0,50%

Bens inmobles rústicos: 0,55%

Bens inmobles de características especiais: 0,55%

Artigo 4º Bonificacións.

En aplicación do artigo 74.1 da lei 39/1988, terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os Inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcións e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para desfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán:

a) Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico- Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional, ou Licencia de obras expedida polo Concello.

b) Acreditar que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

1. Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do imposto sobre sociedades.

Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.

En aplicación do artigo 74.2 da tan repetida Lei para solicita-la bonificación do 50% da cota, por tratarse de vivendas de Protección Oficial ou equiparables segundo as normas da Comunidade Autónoma, os interesados deberán aporta-la fotocopia da cédula de cualificación definitiva de V.P.O. o prazo de aplicación desta bonificación comprenderá os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da cualificación definitiva, que poderá efectuarse en calquera momento anterior á finalización dos tres períodos impositivos

de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e, no seu caso, do cargo do imposto a que se refire o artigo 134 da presente Lei, os Bens Rústicos das Cooperativas

Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

BONIFICACIÓNS:

“Conceder unha bonificación do 90 por cento da cota íntegra do imposto de bens inmobles urbanos emprazados na Zona Portuaria de Burela, (no lugar que se indica no plano que se adxunta) dedicados a Industrias que se dediquen a actividades primarias do sector pesqueiro (extracción, maculación, conservación ou transformación dos recursos pesqueiros), sendo a tipoloxía da construción a de naves ou edificación para uso industrial ou comercial, situadas dentro do solo cualificado como solo portuario, sendo a vixencia de tal bonificación a partir do 1º de xaneiro de 2006 e sucesivos, ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Para gozar da exacción anteriormente sinalada, debe acreditarse, por parte do suxeito pasivo, que tanto a tipoloxía da construción como o de uso do solo se axusta a tipoloxía do solo bonificable.

Unha vez recibida a documentación anterior polos servizos técnicos deste Concello, informarase sobre o cumprimento de tales extremos.

Correspondendo o acordo de bonificación ó Sr. Alcalde-Presidente ou á xunta de Goberno Local.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recursos contencioso-administrativo, ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Artigo 5º.- Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro do 2003, surtirá efectos a partir do día 1 de xaneiro do 2003, e seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Artigo 6º.- Normas de pagamento e extinción de débedas.

1.- O pagamento das débedas do tributo en período voluntario relativas ao padrón fiscal periódico ou de notificación colectiva será o establecido nos correspondentes anuncios de cobranza, que se fará publico no BOP e no taboleiro de anuncios municipal. O seu prazo non será inferior a dous meses e preferentemente o calendario do contribuínte estará comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de xullo, coa indicación de que no caso de que as datas de inicio ou fin sexan coincidentes cun festivo, trasladaranse estas á data hábil inmediata seguinte.-

2.- Os pagamentos en efectivo que deban realizarse na caixa municipal, serano mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación de titularidade municipal nas entidades bancarias colaboradoras do concello, podendo ademais facerse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia terá un importe igual ao da débeda e haberá de expresar o/s números de liquidacións/s ou recibo/s. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse realizados na data en que tivese entrada o importe correspondente na entidade que, no seu caso, preste o servizo de caixa.-

3.- A domiciliación do Imposto sobre bens inmobles implicará como mínimo o seu fraccionamento en dous períodos.

A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento.”

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O acordo entrará en vigor a partir da publicación do acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Burela, 4 de decembro de 2025.- A alcaldesa, dona María del Carmen López Moreno.

R. 3456

CARBALLEDO*Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión plenaria extraordinaria celebrada con data 4 de decembro de 2025, o expediente do Orzamento Xeral, as Bases de Execución, a Relación de postos de Traballo e a Plantilla de Persoal para o exercicio 2026, expónse ao público polo prazo de quince días, durante o cal, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 5 de decembro de 2025.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3457

CERVO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 5 de decembro de 2025, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de outubro de 2025 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 5º bimestre de 2025 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio. O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 15 de decembro de 2025 ao 16 de febreiro de 2026.

Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 5 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3458

LUGO*Anuncio*

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de crédito núm. 2/2025 do vixente orzamento xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, núm. 8/149 adoptado na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2025, publicado no BOP nº 257 do 8 de novembro de 2025.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos despois da modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)**ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC 2/2025	CREDITOS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de Persoal	37.906.204,22		37.906.204,22
2	Gastos en bens correntes e servizos	68.946.459,47	329.000,00	69.275.459,47

3	Gastos financeiros	418.690,33		418.690,33
4	Transferencias correntes	7.035.798,81		7.035.798,81
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	400.000,00		400.000,00
	Total operacións correntes	114.707.152,83	329.000,00	115.036.152,83
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	20.516.048,58	1.160.000,00	21.676.048,58
7	Transferencias de capital	5.704.035,25		5.704.035,25
	Total operacións de capital	26.220.083,83	1.160.000,00	27.380.083,83
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	2.900.000,00		2.900.000,00
9	Pasivos financeiros	3.304.696,76		3.304.696,76
	Total operacións financeiras	6.204.696,76		6.204.696,76
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	147.131.933,42	1.489.000,00	148.620.933,42

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC 1/2025	PREVISIÓNS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	43.914.845,85		43.914.845,85
2	Impostos indirectos	5.788.034,68		5.788.034,68
3	Taxas e outros ingresos	26.818.270,92		26.818.270,92
4	Transferencias correntes	36.123.954,34		36.123.954,34
5	Ingresos patrimoniais	633.500,00		633.500,00
	Total operacións correntes	113.278.605,79		113.278.605,79
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	1.007.216,24		1.007.216,24
	Total operacións de capital	1.007.216,24		1.007.216,24
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	23.986.111,39	1.489.000,00	25.475.111,39
9	Pasivos financeiros	8.860.000,00		8.860.000,00
	Total operacións financeiras	32.846.111,39	1.489.000,00	34.335.111,39
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	147.131.933,42		148.620.933,42

Lugo, 5 de decembro de 2025.- O Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.

R. 3459

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente en modificación da base de execución número 24.E) do vixente Orzamento Municipal 2025, ao non terse presentado reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial número 9/150 de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria do 30 de outubro de 2025, publicados no BOP nº 257 do 8 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Modificación da Base de execución Num 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte, na área de Cohesión Social:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

Lugo, 5 de decembro de 2025.- O alcalde presidente, Miguel Fernández Méndez.

R. 3460

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente en modificación da base de execución número 18.O) do vixente Orzamento Municipal 2025, ao non terse presentado reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo inicial número 10/151 de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria do 30 de outubro de 2025, publicados no BOP nº 257 do 8 de novembro de 2025, do seguinte teor:

“O) Establécese unha contía de 20,00 € por día para o persoal traballador que por razón do servizo preste quendas de 24 horas continuadas, para deixalo indemne dos gastos estimados”.

Lugo, 5 de decembro de 2025.- O alcalde presidente, Miguel Fernández Méndez.

R. 3461

MURAS**Anuncio****MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para provisión en propiedade de 1 praza de funcionario/a de carreira: administrativo/a, en quenda libre e correspondente a Oferta de Emprego Público 2025, de acordo co establecido na base 4 da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos que a seguir se relacionan:

Admitidos/as:

NOME E APELIDOS	DNI	Admitido/a
MARTA PEREZ MURADO	**5579**	NO (3)
BEATRIZ FELPETO RODRIGUEZ	**6253**	NO (2), (3), (4)
JOSE MANUEL CAMPAL FERNANDEZ	**9923**	SI
BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ	**5601**	SI
RAQUEL BALBAS AGUILAR	**2969**	NO (2), (3), (4), (5)

MARIA JOSE MARTINEZ FACHAL	**9965**	SI
SUEVIA ANSEDE RIO	**3477**	SI
PILAR BERMUDEZ GONZALEZ	**4105**	SI
EVA MARIA CALVO TORQUEMADA	**6780**	SI
HERIBERTO MARTINEZ DIAZ	**5942**	NO (2)
LIDIA TORRE MAHIA	**8803**	SI
AURORA RIESCO MARCOS	**4180**	NO (3), (4)
ALFONSO ALVAREZ SIXTO	**6228**	SI
LUCIA PARRILLA DEL RIO	**4367**	SI
IAGO MARTINEZ PEREZ	**8808**	SI
PAULA GONZALEZ PAZOS	**6941**	SI
IRIA POLO CASABELLA	**6383**	NO (3), (4)
UXIA PAZ ALVAREZ	**7209**	NO (3), (4)
MARIA SALGUEIRO AMIGO	**6746**	SI
NEREA RODRIGUEZ ORJALES	**5958**	NO (3), (4)
MARTA FERNANDEZ CORRAL	**5659**	SI
LUCIA TUDO SOUZA	**1122**	NO (3), (6)
SARAY BLANCO CANOURA	**8836**	NO (1)
JOSE ALBERTO CID FERNANDEZ	**9792**	NO (3)
NURIA ROUCO CUBA	**5844**	NO (3), (4)
CAROLINA ALONSO GARCIA	**0048**	NO (7)
EVA HERBON FERNANDEZ	**3368**	SI
PATRICIA PUENTES VALLE	**5959**	SI
MARIA SONIA FERNANDEZ ALVAREZ FERNANDEZ	**4305**	SI
BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ	**5601**	NO (7), (8)
JOSE MANUEL FERREIRO PEREZ	**1508**	NO (3), (4)
MARIA ARANZAZU VAZQUEZ IGLESIAS	**5355**	NO (2), (3), (4)
PAULA VAZQUEZ SALGADO	**3076**	SI
DANIEL ORIZALES LAGO	**4137**	NO (3), (4)
AREA CALDEVILLA PITA	**7163**	SI
MARIA ROCHA GARCIA	**3458**	SI
MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	**3365**	SI
ALBA DOPICO NOVO	**2889**	SI
CRISTINA AMADO VERDES	**5617**	SI
MARIA NOELIA IGLESIAS PADIN	**2881**	SI

ANA BELEN MOREIRA SECO	**3691**	NO (3)
JOSE FRANCISCO GARCIA DOMINGUEZ	**0792**	NO (9)
MARIA ALEJANDRA FERNANDEZ VIVERO	**9980**	NO (5)
JOSE DÍAZ PAZ	**6946**	SI
SILVIA CASTRO BLANCO	**1853**	SI
MARIA PALOMA QUELLE ARAMBURU	**5941**	SI
DAVID PITA BARRO	**5614**	SI
MARIA ISABEL PITA PIÑON	**6590**	SI
ALBA AMIGO CASTAÑEIRA	**7358**	SI
PATRICIA GRANDIO VIDAL	**5578**	NO (3), (4)
ISABEL CARBALLIDO ALONSO	**3519**	NO (1)
PITA MARIA PEREZ GARIA	**4895**	SI
XIANA OTERO ABAD	**8836**	NO (4)
SANDRA MEIZOSO MAZAS	**7175**	SI
INES FERNANDEZ CARREIRA	**2781**	SI
MARTA MARIA POLO TEIJEIRO	**6865**	NO (3), (4)
LUCIA IRIMIA FERNANDEZ	**5459**	SI
GUADALUPE NOVO GARCIA	**5969**	NO (1)

Causas exclusión

- (1)- Non se aporta titulación mínima esixida.
- (2)- Non se aporta DNI.
- (3)- Non aporta modelo solicitude.
- (4)- Non aporta declaración xurada.
- (5)- Non aporta xustificante pago taxa dereito de exame.
- (6)- Non se aporta certificado SEPE de non percepción de prestacións nin da situación de desemprego superior a un ano.
- (7)- Non se aporta o modelo de solicitude asinado.
- (8)- Non se aporta a declaración xurada asinada.
- (9)- Declaración xurada presentada en formato editable.

SEGUNDO.- Publicar a relación provisional de admitidos/as e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello e outorgar un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da mesma no BOP, para que os interesados/as que o consideren oportuno procedan a subsanar as deficiencias ou a presentar as alegacións que estimen oportunas a respecto do contido na lista provisional de admitidos.

No caso de que no citado prazo non se presenten reclamacións contra a lista provisional, entenderase a mesma como definitiva.

No caso de que se presentasen alegacións ou subsanacións contra a resolución da aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución pola que se aprobará a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Concello de Muras e no BOP de Lugo.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria Interventora

Muras, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo. A secretaria-interventora, Silvia Lamelas Soto.

R. 3438

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2025, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de OUTUBRO de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil cento corenta e catro euros con tres céntimos (4.144,03 €), correspondendo mil cincocentos vinte euros con sete céntimos (1.520,07 €) a libre concorrência e dous mil seiscientos vinte e tres euros con noventa e seis céntimos (2.623,96 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 14 de novembro de 2025.- O alcalde – presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3439

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 2/12/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XULLO** de 2025, polo importe total de **3.618,26 €**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, P.D. o 1º tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3440

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 2/12/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **AGOSTO** de 2025, polo importe total de **3.349,19 €**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, P.D. o 1º tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3441

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2026, mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 07 de novembro de 2025, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 27 de abril, faise público que o dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, á cantidade de 1.811.750 euros.

ESTADO DE GASTOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Gastos de Persoal	839.450
2. Gastos corrientes de bens e servizos	574.000
3. Gastos financeiros	2.200
4. Transferencias correntes	64.600
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.480.250

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Inversións reais	291.500
7. Transferencias de capital	0
8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	40.000
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	331.500

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.811.750
---------------------------	-----------

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Impostos directos	389.850
2. Impostos indirectos	60.000
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	254.100
4. Transferencias correntes	1.057.400
5. Ingresos patrimoniais	10.000
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.771.350

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Enaxenación de inversións reais	1.100
7. Transferencias de capital	37.300
8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	2.000
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	40.400

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	1.811.750
------------------------------------	------------------

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación e demais Organismos mencionados, que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

1. PLANTILLA 2026**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

ESCALA	SUBESCALA	P. TRABAJO	Nº PLAZ	GRUPO	N CD
Func. Habilitación Estatal	Secretaría-Interv.	Secretaría-Interv.	1	A2	26
Administración General	Administrativa	Administrativo	2	C1	22
Administración Especial	Servizos Especial.	Operarios Serv. Esp.	2	E	13
Administración Especial	Técnica	Traballadora Social	1	A2	22

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
Técnica	Axente Emprego e Desenvolvemento Local	

2. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	DOT.	C.DEST.	C.ESPC.	F. PROVIS.	ADSCRIPC. POSTO TRABALL.
Secretaría-Interv.	1	26	18.665,87	Concurso	Secretaría-Intervención
Administrativa	1	22	17.803,66	Oposición	Administración General - Advo
Administrativa	1	22	17.803,66	Conc-Op.	Admón Gral - Advo
Xefe Servizo Obras	1	13	10.294,13	Oposición	Administ. Especial-Serv. Esp.
Servizos Especiales	1	13	9.839,79	Concurso	Administ. Especial-Serv. Esp.
Administ.Especial	1	22	6.101,49	Conc-Op	Traballador Social

B) PERSONAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ADSCRIPCIÓN	GRUPO
Axente Empleo e Desenvolvemento Local	1		A1/A2

3. PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
Traballadora Social Auxiliar de Axuda a Domicilio	Traballadora Social 10 Postos Axuda a Domicilio	Xornada Completa “

4. PERSOAL LABORAL INDEFENIDO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de Axuda a Domicilio Encargada da Biblioteca	2 Postos Axuda a Domicilio Encarg. Biblioteca	Xornada Completa Xornada a tempo parcial

De conformidade co establecido no artigo 171.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o referido acordo definitivo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdición.

Riotorto, 5 de decembro de 2025.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3462

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos MC 12/2025 na modalidades de suplemento de crédito cuxo importe total é de 131.200,00 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal...1.049.952,25 euros

Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos...607.874,80 “

Cap. 3 Gastos financeiros...3.000,00 “

Cap. 4 Transferencias correntes...67.600,00 “

Cap. 6 Inversións reais...1.839.431,73 “

Cap. 9 Pasivos financeiros...40.000,00 “

Total..... 3.607.858,78 euros

Riotorto, 5 de decembro de 2025.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3463

XOVE**Anuncio**

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acordado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 13 de outubro de 2025, sobre aprobación do novo REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E USO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL PISCINA CLIMATIZADA DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 49 da LRBRL:

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E USO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL PISCINA CLIMATIZADA DE XOVE

A práctica deportiva revelou-se como un dos instrumentos máis adecuados para propiciar a mellora da saúde da poboación. Consciente dos beneficiosos efectos que sobre a saúde e calidade de vida da poboación produce a actividade física, o Concello de Xove seguiu, desde hai anos, unha política de creación de servizos para o seu desenvolvemento.

A dita política vén incidindo, de maneira particular a práctica da actividade física acuática, pois do deporte da natación pódense predicar efectos positivos en relación coa saúde, tanto física como psíquica, coa recreación e coa ocupación do tempo libre. Son xa moitos os cidadáns que se achegan á piscina existente practicando, nos seus intres de lecer, unha actividade física que mellora os seus rendementos e proporciona unha relaxación necesaria ante o ritmo acelerado das súas vidas cotiás.

Constitúe o obxecto deste Regulamento a regulación do uso e funcionamento do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove, como ben de servizo público, así como, das instalacións anexas como ximnasio e sauna, suxeitas todas elas á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naquilo que poda ser competencia propia de outras autoridades ou organismos.

O presente Regulamento dítase ao abeiro do establecido no artigo 4.1.a) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto deste regulamento o uso e funcionamento do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove, de titularidade municipal, calquera que sexa a forma de xestión do mesmo. O complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove, consta cunha zona de baños que corresponde á piscina climatizada, xunto á zona de sauna e o ximnasio.

Artigo 2. Obxectivos

O Concello persegue, na xestión da instalación, os seguintes obxectivos:

- Fomentar a actividade física, o deporte e a educación física, e buscar un desenvolvemento integral da persoa, buscando crear hábitos saudables de vida.
- Levar a actividade física aos escolares a través de diferentes programas e actividades deportivas.
- Promover cursos de natación de diferentes niveis con obxecto de propiciar o ensino da natación entre a poboación, ademais de cursos de actividades dirixidas.

Artigo 3. Regulación técnico sanitaria

A regulación das condicións hixiénico-sanitarias das piscinas de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia e régúlese no Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.

Artigo 4. Clases de usuarios/as da piscina municipal

1. Os/as usuarios/as da piscina poderán ter a condición de socio/a, cando se trate de persoas físicas que desexen percibir os servizos da instalación ben mediante o pago anual dunha cota establecida na correspondente Ordenanza Fiscal, establecendo dúas tipoloxías de o/a socio/a: individual e familiar.

Ante a demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións, poden adquirir a condición de socio/a, individual ou familiar, preferentemente ás persoas empadroadas no Concello de Xove ata no número máximo que se determine pola dirección do servizo.

2. Os/as usuarios/as da piscina poderán ter a condición de aboador/a, cando se trate de persoas físicas que desexen percibir os servizos da instalación ben mediante a utilización do sistema de bonos, ben mediante o sistema de bono mensual.

A estes efectos, os bonos mensuales e de usos, poderán ser expedidos, dada a demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións en función das prazas libres existentes ata no número máximo que se determine pola dirección do servizo.

3. Poderán obter a condición de socio/a familiar ou aboador/a familiar, os integrantes dunha unidade familiar, entendendo por tal e aos únicos efectos deste regulamento:

- As parellas unidas entre si por matrimonio, sen persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ou que, no caso de contar con persoas que delas dependan por calquera das causas anteditas, non convivan cos proxenitores ou sexan maiores de 25 anos.
- As parellas unidas entre si por matrimonio xunto coas persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ata a idade máxima de 25 anos que convivan no mesmo domicilio.

- As parellas que constitúan parella de feito, sen persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ou que, no caso de contar con persoas que delas dependan por calquera das causas anteditas, non convivan cos proxenitores ou sexan maiores de 25 anos.
 - As parellas que constitúan parella de feito xunto coas persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ata a idade máxima de 25 anos que convivan no mesmo domicilio.
 - As parellas compostas polos dous proxenitores, xunto coas persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ata a idade máxima de 25 anos que convivan no mesmo domicilio.
 - As parellas que constitúan un núcleo de convivencia, entendendo aos efectos deste regulamento que reúnen a dita condición, as parellas que acrediten unha convivencia efectiva mínima de 24 meses anteriores á data de solicitude.
 - As persoas individuais xunto coas persoas que delas dependan por nacemento, adopción ou acollemento ata a idade máxima de 25 anos.
3. Os/as usuarios/as da piscina poderán ter a condición de usuario/a de pago diario, cando se trate de persoas físicas que desexen percibir os servizos da instalación mediante o pago da entrada ao baño libre.
4. Os/as usuarios/as da piscina poderán ter a condición de participantes en actividades da Escola Municipal de Natación ou calquera actividade organizada polo Concello.
5. Os/as usuarios/as da piscina poderán ter a condición de usuarios/as con alugamento dunha calle (grupos).
6. O club natación Xove, que fará uso das instalacións municipais da piscina de acordo coa dispoñibilidade e organigrama do propio servizo.

Artigo 5. Procedemento para a obtención da condición de usuario/a da piscina e instalacións anexas do concello de Xove

1. Para poder obter a condición de **socio/a ou aboador/a familiar** deberá aportarse ao persoal de recepción das instalacións, a seguinte documentación:

- Folla de inscrición debidamente complementada.
- Fotocopia do D.N.I. de todos os membros da unidade familiar que o posúan
- Fotocopia do Libro de Familia ou certificado do rexistro civil.
- Certificado do padrón de convivencia no caso de domiciliados fora do concello de Xove.
- Autoliquidación tributaria.

2. Para poder obter a condición de **socio/a ou aboador/a individual** deberá aportarse ao persoal de recepción das instalacións, a seguinte documentación:

1. Folla de inscrición debidamente complementada.
2. Fotocopia do D.N.I.
3. Certificado do padrón de convivencia no caso de domiciliados fora do concello de Xove
4. Autoliquidación tributaria.

3. Todos os usuarios/as da piscina municipal deberán estar ao corrente do pagamento das respectivas cotas que se establezan na Ordenanza Fiscal correspondente. A falta de pago das mesmas dará lugar á perda da condición de usuario/a calquera que a tipoloxía na que se encontre.

4. Para as novas altas trala baixa automática do servizo, e unha vez en poder da administración a documentación descrita nos apartados primeiro e segundo do presente artigo, será suficiente coa entrega do documento de autoliquidación tributaria xunto a unha declaración responsable sobre o mantemento das condicións declaradas no seu día.

Artigo 6. Escola municipal de natación.

1. A escola municipal de natación de Xove, constitúese coma unha escola deportiva dependente do Concello de Xove, e cuxa labor é o ensino da natación nas súas fases de iniciación, perfeccionamento e introdución á natación deportiva, mediante a organización e desenvolvemento de cursos de natación escolar, cursos para colectivos en verán, cursos para persoas con discapacidade, cursos para persoas maiores e distintos cursos relacionados coas actividades acuáticas (mergullo, socorrismo acuático, etc.)

2. No ensino da **natación para nenos-as**, a Escola Municipal de Natación, diferencia seis niveis distintos de aprendizaxe: un nivel de introdución e adaptación ó medio acuático e cinco niveis de aprendizaxe divididos en dous niveis de iniciación e tres de perfeccionamento denominados da seguinte forma:

- 1- NIVEL DE INTRODUCCIÓN Ó MEDIO ACUÁTICO: Destinado a nenos-as de 2, 3 e 4 anos e dentro de un programa de ensino denominado “Á auga peques”. Cursos de dous días á semana nos meses de xullo e agosto
- 2- NIVEL BRANCO: Primeiro nivel de iniciación á natación destinado a nenos-as de 5 anos en diante. Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana durante un dos meses, e tres sesións á semana durante o outro.
- 3- NIVEL AMARELO: Segundo nivel de iniciación á natación. Para acceder a este nivel hai que ter superado o nivel branco. Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana durante un dos meses, e tres sesións á semana durante o outro.
- 4- NIVEL VERDE: Primeiro nivel de perfeccionamento á natación. Para acceder a este nivel débese ter superado o segundo nivel de iniciación (amarelo). Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana durante un dos meses, e tres sesións á semana durante o outro.
- 5- NIVEL AZUL: Segundo nivel de perfeccionamento de natación. Débese ter superado o nivel verde para acceder a el. Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana durante un dos meses, e tres sesións á semana durante o outro.
- 6- NIVEL VERMELLO: Nivel de introdución á natación deportiva. Débese ter superado o nivel azul para acceder a este nivel. Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana durante un dos meses, e tres sesións á semana durante o outro.

A duración dos cursos será de dous meses en días alternos, agás no nivel de introdución ao medio acuático, que será dun mes e dous días á semana. Nos meses de verán de xullo e agosto, os cursos serán intensivos de un (1) mes de duración, e de luns a venres.

3. No ensino de **natación para adultos**, a Escola Municipal de Natación de Xove, diferencia dous niveis de aprendizaxe, iniciación e perfeccionamento,:

- INICIACIÓN NIVEIS: Nivel de iniciación á natación para adultos. Cursos de dous meses de duración, cunha dedicación de dúas sesións á semana.
- MANTEMENTO E PERFECCIONAMENTO: Nivel de perfeccionamento da natación para adultos. Cursos cunha dedicación de dúas sesións á semana.

4. A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén pode organizar en conxunto cos centros de educación primaria e secundaria situados no concello de Xove ou as súas ANPAS cursos de natación durante o período escolar en función da dispoñibilidade da instalación. Dito curso iría destinado exclusivamente a escolares de primaria ou secundaria dos centros anteditos.

5. Durante todo o ano a Escola Municipal de Natación organiza **cursos de natación para colectivos con diversidade funcional**.

6. A Escola Municipal de Natación, tamén desenvolve e organiza **outras actividades diferentes a cursos de natación**, pero todas relacionadas coas actividades acuáticas e o seu mundo.

- BAUTIZOS DE BUCEO: Se trata de realizar unha inmersión con equipo autónomo de buceo deportivo na Piscina Municipal. Ditos bautizos, son soamente para usuarios/as e totalmente de baldes.
- CURSOS DE BUCEO DEPORTIVO
- CURSOS DE SOCORRISMO ACUÁTICO, con vistas a ter persoas formadas para poder desempeñar a función de Socorristas nas praias e piscinas do Concello ou Concellos veciños.

7. A inscrición para todos os cursos realizarase no lugar habilitado para tal fin e que será previamente comunicado no Taboleiro de Anuncios da Piscina Municipal, así como, nas redes sociais do concello de Xove. As inscricións para os/as usuarios/as empadroados en Xove realizaranse durante a primeira quincena do mes de decembro e para o resto de usuarios/as abrírase un vez finalizada a inscrición dos usuarios empadroados en Xove.

Os meses dos cursos iranase cubrindo segundo a orde de inscrición e as preferencias dos cursillistas, pois poderán elixir o mes ou meses do curso segundo estean as prazas libres. Unha vez cubertas as prazas de certo mes, tamén se poderán inscribir como reserva, que se utilizarán no caso que se den de baixa os cursillistas que teñen praza fixa. Todos os cursillistas, serán avisados telefonicamente unha semana antes de comenzo do curso para confirmarlles o día e a hora de comenzo do curso.

Artigo 7. Persoas con dereito a utilización dos distintos servizos.

1. A piscina poderá ser utilizada por todas aquelas persoas que o desexen mediante cinco formas de acceso:

- a) Como socio/a da piscina, individual ou familiar.
- b) Como aboador/a da piscina, individual ou familiar.

- c) Como participante nas Actividades da Escola Municipal de Natación ou calquera outra actividade organizada polo Concello.
 - d) Como usuario/a que aluga unha calle (só grupos)
 - e) Como usuario con Bonos de 15 usos / Usuario de pago diario de entrada.
2. O ximnasio poderá ser utilizado por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:
- f) Como socio/a da piscina, individual ou familiar.
 - g) Como aboador/a da piscina, individual ou familiar.
 - h) Como usuario con Bonos de 15 usos / Usuario de pago diario de entrada.
3. A sauna poderá ser utilizada por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:
- i) Como socio/a da piscina, individual ou familiar.
 - j) Como aboador/a da piscina, individual ou familiar.
 - k) Como usuario con Bonos de 15 usos / Usuario de pago diario de entrada.

Artigo 8. Horario de funcionamento.

1. A piscina municipal de Xove permanecerá aberta de luns a sábado no horario previsto no punto seguinte, sendo posible o peche das instalacións con motivo da organización de eventos deportivos ou de ocio de calquera clase.

2. Os/as usuarios/as poderán practicar natación e asistir ao ximnasio municipal e sauna, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas de luns a venres e de 10:30 a 13:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas os sábados. Durante o verán, teranse que consultar os horarios no Taboleiro de Anuncios.

3. As entidades colectivas, asociacións, clubs e similares poderán solicitar o alugueiro de unha ou máis calles da Piscina Municipal para realizar baño libre. O número máximo de usuarios/as por cada calle será de 10 persoas. O alugueiro estará supeditado á existencia de datas e horarios libres. A rúa alugada, só poderá ser utilizada polas persoas da entidade e durante o horario establecido e cando sexa necesario poderase limitar o alugueiro a aquelas asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Xove.

Artigo 9. Dos dereitos dos/as usuarios/as.

Os/as usuarios/as da piscina climatiza do concello de Xove gozarán dos seguinte dereitos:

- Todos/as os/as usuarios/as teñen dereito a acceder á piscina e ao resto das instalacións en condicións de igualdade, coas limitacións e requisitos establecidos neste regulamento e a normativa aplicable ás piscinas de uso público.
- Ao uso das mesmas segundo a súa condición de usuario/a segundo o previsto no artigo 7 do presente regulamento en óptimas condicións.
- Poderanse gozar e utilizar as instalacións deportivas nos horarios establecidos, todo iso cun previo pago das cotas correspondentes.
- A presentar calquera reclamación e/o suxestión á dirección da instalación.
- Dereito ao uso e disposición de vestiarios das instalacións, debendo existir nos mesmos auga corrente e papel hixiénico. A limpeza e desinfección realizarase diariamente.
- Os controis de seguridade sobre a calidade da auga do vaso deberá expoñerse en lugar visible e de fácil acceso aos/ás usuarios/as.
- A contar con un armario de primeiros auxilios.
- Nas entradas aos servizos e aseos será necesario a colocación, de maneira visible, de follas para controlar a limpeza dos mesmos. Nestas follas figurará a data e hora da última limpeza coa firma da responsable de mesma.

Artigo 10. Dos deberes dos/as usuarios/as.

1. Os/as usuarios/as das instalacións do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove asumen os seguinte deberes de carácter xeral:

- Deberanse respectar os espazos reservados aos diferentes usos da instalación.
- Todo/a usuario/a estará obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, e por tanto, impedirá ou denunciará todos os actos que deterioren as instalacións ou servizos e advertirá aos empregados cando observe anomalías nas instalacións ou no material destas.
- Prohíbese comer e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de cristal.

- O uso das instalacións débese facer con roupa e calzado deportivo adecuado.
 - Prohíbese acceder á instalación con animais ou obxectos que poidan causar dano ou molestias aos/ás usuarios/as.
 - Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandonar esta.
 - Prohíbese abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, tendo que utilizar as papeleiras e outros recipientes destinados para tal efecto.
 - Calquera usuario/a que dispoña de carné ou tarxeta deberá identificarse no control de entrada facendo uso da mesma e deberá devolvela por renuncia á súa condición de socio/a, aboador/a.
 - É obrigatorio estar ao corrente no pago da taxa correspondente. Caso contrario a tarxeta quedará inactiva ademais de poder implicar a perda de condición de usuario.
 - Todos os usuarios deberán acatar o presente Regulamento así como as demais normas que a Dirección da instalación dite en calquera momento e que redunden no beneficio da prestación do servizo.
2. Os/as usuarios/as da piscina climatiza do concello de Xove asumen os seguinte deberes en particular:
- A capacidade máxima da piscina será de cen (100) usuarios/as, co deber de absterse de acceder ao vaso da piscina nos casos nos que se vexa superado o dito aforo.
 - Será obrigatorio utilizar gorro de baño e bañador de uso propio de piscina e ducharse antes de acceder á piscina para bañarse; así como o uso de zapatillas de baño tanto en vestiarios como zona de baño.
 - Está totalmente prohibida a entrada para bañarse na piscina a aquelas persoas que padezan algunha enfermidade transmisíble, especialmente no caso de afeccións cutáneas sospeitosas.
 - Prohíbese subir a área de baño con roupa e calzado de rúa. Os espectadores deberán acceder á grada polo lugar habilitado para tal fin.
 - Prohíbese a realización de xogos e prácticas perigosas (correr, apneas prolongadas, mergullarse violentamente, tirar obxectos etc...) e en xeral todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que leven a cabo.
 - Débese observar puntualmente as instrucións do persoal da piscina. Un comportamento antisocial supoñerá a expulsión do recinto do infractor.
 - A saída do vaso farase 15 minutos antes do peche da instalación.
 - Os/as usuarios/as dos servizos da piscina son responsables do seu estado de saúde en relación coa utilización que efectúen dos servizos que se ofrecen, non sendo responsabilidade da administración calquera dano que poida producirse derivado do mal uso ou abuso das instalacións ou servizos, nin da súa utilización indebida ou abusiva nin do uso por persoas que carezan das condicións físicas ou de saúde mínimas básicas para elo. Tampouco caberá a esixencia de responsabilidade cando por parte dos/as usuarios/as de modo negligente se desatendan as instrucións ou normas de funcionamento do servizo de que se trate, ou as que lles teñan sido dadas polo persoal municipal responsable da actividade.
 - A Alcaldía do Concello de Xove a proposta da dirección da instalación poderán ditar en calquera momento todas aquelas instrucións que redunden en beneficio do servizo e dos/as usuarios/as, especialmente en situación de risco ou necesidade sanitaria.
 - No baño libre por menores de 8 anos, será precisa a presenza dun adulto.
 - Non se poder acceder á instalación trinta (30) minutos antes da hora de peche.
3. Os participantes en actividades da Escola Municipal de Natación da piscina climatiza do concello de Xove asumen os seguinte deberes en particular:
- Os cursillistas accederán á instalación como máximo 10 minutos antes do inicio do curso, e permanecerán sen introducirse na auga ata a chegada do monitor.
 - A natación escolar virá sempre acompañada dun responsable do centro educativo por grupo que velará polo cumprimento das normas.
4. Os/as usuarios/as da sauna do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove asumen os seguinte deberes en particular:
- Os/as usuarios/as das saunas, deberán ducharse con auga quente e xabón, secarse antes de entrar.
 - Está prohibido o uso a menores de 15 anos.
 - Tempo máximo da utilización son 20 minutos.
 - Será obrigatorio usar toalla para tombarse ou sentar nos bancos.

- Está prohibido afeitarse ou depilarse dentro da sauna.
- Está contraindicado o acceso ás persoas con: hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazadas ou previa inxestión de bebidas alcohólicas.

5. Os/as usuarios/as do ximnasio do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove asumen os seguinte deberes en particular:

- No ximnasio da piscina municipal, poderase practicar toda clase de exercicio, como a ximnasia, posta a punto (fitness), exercicio cardiovascular, aeróbic, etc.
- O aforo do ximnasio virá determinado polo número de aparellos e das rotacións que se programen polo encargado.
- É necesario levar a toalla para colocala enriba das máquinas ou aparellos dos que se faga uso, co fin de evitar que a suor caia sobre os aparellos.
- Débese facer o uso correcto das máquinas de peso.
- O uso das máquinas cardiovasculares está limitado a a 30 minutos cada máquina, sempre e cando haxa demanda de uso.
- Prohibese o acceso a menores de 15 anos ao ximnasio.
- Despois de utilizar o peso libre deixaranse ordenadas no lugar habilitado.
- Deberase respectar as quendas nos aparellos que a teñan, así como o tempo máximo de uso.

6. Os/as usuarios/as dos vestiarios do complexo deportivo municipal piscina climatizada de Xove asumen os seguinte deberes en particular:

- O tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- Obrigatorio o uso de papeleiras para tirar calquera clase de envase.
- Será obrigatorio usar a taquilla para poder gardar a roupa e outros útiles persoais, sendo que concello de Xove non se fará responsable da perda de calquera obxecto ou pertenza. Aqueles obxectos que se recuperen depositaranse na sección de obxectos perdidos, no Control de Entrada da Piscina.
- Non se permitirá o acceso dos vestiarios a persoas que non vaian facer uso delas, fóra dos acompañantes dos cursos menores de 9 anos, e aqueles outros/as usuarios/as que non sexan capaces de cambiarse con autonomía. Estes usuarios/as utilizarán o vestiario que lle corresponda indistintamente do sexo do cursillista.
- Os pais ou acompañantes poderán acceder ao interior dos vestiarios nos seguintes casos:
 - Un acompañante con usuarios/as da escola de natación con 8 anos ou menos.
 - Un acompañante con usuarios/as da escola de natación con máis de 8 anos, no primeiro día de curso.
 - Os pais con fillos con diversidade funcional, no caso de estimalo preciso.
- Todos os/as usuarios/as que utilicen os armarios deberán deixalos baleiros ao terminar a actividade. Por tanto, queda prohibido gardalo para uso persoal.
- Prohibese escorrer os traxes de baño nos vestiarios, debendo de facelo na mesma ducha.

Artigo 11. Perda da condición de usuario/a.

Perderase a condición de socio/a, aboador/a ou outro tipo de usuario/a da piscina nos seguintes casos:

- Por instancia de parte: Vontade propia manifestada por escrito do/a usuario/a, comunicada por escrito antes do día 20 de cada mes en recepción da instalación.
- De oficio: Poderá darse de baixa a calquera que estea inmerso nalgún dos seguintes supostos:
 - Non pagar as cotas: Os/as aboados/as que non estean ao día no pago das súas cotas causarán baixa automática.
 - Decisión do concello: consecuencia de condutas que supoñan o incumprimento do réxime de utilización dos servizos a proposta do servizo
 - Falecemento do/a usuario/a

Artigo 12. Clasificación das infraccións administrativas

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Serán infraccións leves:

a) Calquera incumprimento dos deberes previstos neste regulamento que non estea cualificado como infracción grave ou moi grave

3. Serán infraccións graves :

a) A comisión de tres infraccións leves.

b) Non atender de forma reiterada as instrucións do persoal da piscina.

c) A inobservancia da prohibición de realizar xogos e prácticas perigosas e en xeral todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que leven a cabo.

4. Serán infraccións moi graves:

a) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

b) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

c) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos do servizo público.

Sempre que teña lugar un feito que puidese ser considerado infracción, emitírase informe polos responsables das instalacións, que se elevará á Concellería de Deportes, quen o trasladará no seu caso ao/á Alcaldesa para a incoación no seu caso de expediente sancionador

Artigo 13. Sancións administrativas

1. Os actos constitutivos de infracción serán sancionados tal e como se dispón no presente artigo.

2. Como consecuencia das infraccións moi graves poderase impoñer a oportuna sanción consistente na expulsión e a perda de todos os dereitos como usuario por un período máximo de 2 anos, ou a imposición dunha multa de 601 a 900 euros en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

3. Como consecuencia das infraccións graves, poderanse impoñer a oportuna sanción consistente na expulsión temporal por un período máximo de 1 ano ou a imposición dunha multa de 301 a 600 euros en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

4. Como consecuencia de infraccións leves, poderase impoñer a oportuna sanción consistente no apercibimento, ou a expulsión temporal por un período máximo de 10 días e/o a imposición dunha multa de ata 600 euros en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

Disposición derogatoria

A aprobación definitiva do presente Regulamento implica a derogación do vixente Regulamento de réxime interno, funcionamento e utilización dos servizos da piscina municipal de Xove e instalacións anexas.

Disposición derradeira.

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado.

Xove, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3442

Anuncio

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 13 de outubro de 2025, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

FUNDAMENTO E RÉXIME

Artigo 1

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e consonte co previsto no artigo 20.4.o) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa pola utilización de casas de baño, duchas, piscinas,

instalacións deportivas e outros servizos análogos , que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 antes citado.

FEITO IMPONIBLE

Artigo 2

Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación do servizo de piscina municipal e instalacións anexas. O detalle dos servizos a prestar é o especificado nas tarifas da presente Ordenanza

DEVENGO

Artigo 3

A taxa considerarase devengada nacente a obriga de contribuír co inicio da prestación dos respectivos servizos a que se refire o artigo 6 posterior.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas así como os entes a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten o servizo de piscina ou demais actividades que se promovan e que se detallan no artigo 6.

RESPONSABLES

Artigo 5

Aos efectos de recoñecer aos responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 6. Cota tributaria

1. Polo servizo de piscina municipal, ximnasio e sauna nas distintas modalidades de usuario/a a contía das taxas será a fixada no cadro de tarifas seguintes para cada un dos distintos servizos ou actividades:

Usuario	Periodicidad	Proposta
Socio/a familiar	Mensual	10,00 €/mes
Abonado/a individual	Mensual	30,00 €/mes
Abonado/a familiar	Mensual	40,00 €/mes
Abonado con bono 15 usos e caducidade de un ano, para usuarios de entre 5 a 16 anos	-----	30,00 €/bono
Abonado con bono 15 usos e caducidade de un ano, para maiores 16 anos	-----	40,00 €/bono
Entrada libre de usuarios de entre 5 a 16 anos	-----	3,00 €
Entrada libre de usuarios de maiores de 16 anos	-----	5,00 €
Aluguer de calles	-----	30,00 €/hora

2. Polos servizos da escola municipal de natación a contía das taxas será a fixada no cadro de tarifas seguintes para cada un dos distintos servizos ou actividades:

Cursos Nivel de introdución “Á auga peques”:	Proposta
Socios/as aboados/as, durante o/s mes/es de duración do curso.	20 €/curso
Non socios/as ou non aboados/as mensuais	40 €/curso
Cursos de Niveis branco, amarelo, verde, azul e vermello:	
Socios/as e aboados/as, durante o/s mes/es de duración do curso.	35 €/curso

Non socios/as ou non aboados/as mensuais	65 €/curso
Cursos de Iniciación a Natación para adultos:	
Socios/as e aboados/as, durante o/s mes/es de duración do curso	35 €/curso
Non socios/as ou non aboados/as mensuais	65 €/curso

Cursos de Perfeccionamento-Mantemento a Natación para Adultos:	
Socios/as e aboados/as, durante o/s mes/es de duración do curso	17,50 € /mes
Non socios/as ou non aboados/as mensuais	32,50 €/mes
Ximnasia na Auga para Adultos	
Socios/Non Socios Abonados/ Non abonados	15.-€/ mes. Grupos de 8 persoas. Duración: Outubro – Xuño.
Cursos para colectivos:	
Colectivos de persoas con diversidade funcional	1,00 € por sesión/alumno
Curso de natación escolar	
Etape educativa primaria ou secundaria	25,00 €/alumno
Material	
Gorros	5,00 €
Extravío ou rotura de tarxeta ou carné	
Por extravío, perda ou rotura de carné ou tarxeta no Control de Acceso.	2,00 €

* En ningún caso está previsto o prorrateo das cotas aboadas.

Artigo 7. Normas de xestión.

1. Para o servizo de piscina municipal, ximnasio e sauna establécense as seguintes normas de xestión:

- O pago da entrada libre así como do material que o usuario desexe adquirir realizarase mediante ingreso directo no control da piscina, contando tamén para tal fin con servizo de cobro mediante TPV. Os correspondentes xustificantes serán entregados mensualmente na tesourería municipal xunto co ingreso dinerario correspondente aos efectos do seu debido control.
- O alugamento de calles; as cotas dos distintos tipos de cursos da Escola Municipal de Natación; as cotas de socios e aboados, así como, e os bonos de 15 usos que puideran expedirse, serán aboados mediante ingreso bancario previo e total do seu importe que deberá realizarse antes do primeiro uso da instalación, contando tamén para tal fin con servizo de cobro mediante TPV.
- Durante o ano natural a piscina municipal realizará os peches precisos para obras de mantemento e reparación sen que neste caso proceda a devolución da cota aboada aos/ás usuarios/as. Non obstante, se a piscina tivese que permanecer pechada por un período superior a 2 meses por razón de obras de reparación, mantemento ou calquera outro motivo, trasladarase a prestación do servizo ao mes ou meses seguintes.

2. Prevese o seguinte réxime de xestión da taxa para os suposto de renuncia dos/as usuarios/as do servizo:

- a) Renuncia á asistencia a un curso de natación: as renuncias á asistencia a un curso de natación unha vez comezado deberán efectuarse durante a primeira quincena do curso.

Se a renuncia expresa se produce transcorrido o período de quince días a que se refire o apartado anterior, non procederá a súa devolución. Non obstante, cando se trate de imposibilidade de asistencia ao curso por razóns médicas debidamente xustificadas mediante o correspondente xustificante, o usuario poderá realizar o curso nun período posterior.

3. Prevese o seguinte réxime de xestión da tarxeta ou carné de entrada ás instalacións dos servizos:

- a) A dita tarxeta ou carné quedará inactiva para os socios e aboados, unha vez expirado o mes correspondente.
- b) A dita tarxeta ou carné quedará inactiva para os aboados con bonos de uso, unha vez esgotados os usos ou unha vez transcorrido o ano de vixencia desde a súa expedición.

EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 8

Servizo de piscina municipal

Gozarán de unha redución do 100% da cuota os nenos con idades comprendidas entre os 0 e os catro 4, inclusive así como o C.E.I.P. Pedro Caselles Rollán, en concepto de natación escolar.

Sevizo de masaxismo

Gozarán de unha redución do 100% da cuota os usuarios maiores de 65 anos aos que se refire o Apartado 4º 2)B) do Regulamento de Réxime Interno do servizo, que teñan a condición de socio da piscina

INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

Artigo 9

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto no Regulamento do Servizo, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos servizos da piscina municipal de Xove e Instalacións Anexas.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación entrará en vigor a partires da publicación deste edicto no

B.O.P e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3443

Anuncio

MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA PARA DEIXALA SEN EFECTOS DUNHA (1) PRAZA DE CONSERXE EDIFICIO USOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE XOVE FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE DO ARTIGO 10.1 A) DO TREBEP DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA (POSTO 72 RPT) RESERVADA A PERSOA CON DISCAPACIDADE.

Por Resolución de Alcaldía de 03 de decembro de 2025, aprobase a modificación das bases específicas para a selección dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade polo sistema de concurso-oposición para deixalas sen efecto, co seguinte tenor literal:

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local.

1. Antecedentes de feito:

Visto o informe asinado con data 12.11.2025 polo Técnico de Recursos Humanos pola que se propón levar a cabo un proceso de selección dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade.

Visto Decreto de Alcaldía 2025/1991 de 13 de novembro no que se resolve entre outros extremos, aprobar as bases reguladoras das probas selectivas por concurso-oposición para selección e provisión dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade.

Visto anuncio publicado no BOP de Lugo nº 268 de 21 de novembro de 2025, no que se fan públicas as bases reguladoras das probas selectivas por concurso-oposición para selección e provisión dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade.

Visto que con data 26 de novembro de 2021, o concello de Xove mediante oficio do responsable do contrato en escrito remitido con rexistro de saída 2025-S-RE-1646, así como, escrito remitido con rexistro de saída 2025-S-RE-1650, informa á empresa contratista CLN INCORPORA, S.L., con NIF B70493275, que a finalización do prazo de execución do contrato de SERVIZO DE CONSERXERÍA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES DE PALMEIRO, tería lugar o 01 de decembro de 2025, así como, que o dito servizo non sería obxecto de nova licitación.

Visto que con data 30 de novembro de 2021, consta presentado por dona Marta María Rego Fernández, con D.N.I. 1****700**, en representación da mercantil CLN INCORPORA S.L. con C.I.F. núm. B33978487, escrito no que se insta a aplicación da subrogación do persoal adscrito ao servizo conforme á normativa aplicable.

Visto Decreto de Alcaldía 2025/2085 de data 02 de decembro de 2025, no que se resolve entre outros extremos recoñecer e aplicar a subrogación de don Juan Luis del Río Balseiro titular do DNI ****168**, logo da extinción do contrato administrativo de servizo de conserxería do edificio de usos múltiples de Palmeiro, o cal manterá a súa relación laboral na condición de persoal laboral a extinguir, pasando a prestar os seus servizos baixo a dependencia orgánica e funcional do concello de Xove, ata a extinción do contrato de traballo por calquera das causas legalmente previstas.

2.- Fundamentos xurídicos:

Seguindo o posicionamento mantido na Sentenza 830/2000 de 12 May. 2000, Rec. 1/2000 Tribunal Superior de Justicia de Madrid, Sala de lo Contencioso administrativo, Sección 6ª, segundo o cal "(...) á potestade de modificación da Administración respecto dos seus propios actos (...) cuestión que dilucida a sentenza do Tribunal Supremo a que se refire a sentenza de Instancia, ditada en data 16 Jul. 1982 (...) manifesta que a convocatoria das probas selectivas non constitúe unha oferta que a Administración fai a persoas concretas, senón que a oferta realízase e concreta por quen se atope nas situacións definidas na mesma e desexan tomar parte nas condicións alí establecidas, de maneira que a Administración non se vincula definitivamente ata que realiza actos de desenvolvemento das bases (como aprobación das listas definitivas de aspirantes admitidos) que supoñan a aceptación da oferta concreta realizada, momento a partir do cal xorde e maniféstase o dereito dos interesados a que o proceso se desenvolva conforme ás normas da convocatoria e, en consecuencia, a suxeición da Administración aos procedementos de revisión dos seus actos declarativos de dereitos, pero mentres esta situación de aceptación non se produciu non cabe falar de dereitos adquiridos, e, por tanto, a Administración pode proceder a modificar a convocatoria sen necesidade de suxeitarse a tales procedementos".

Sendo que o proceso selectivo convocado está en fase de presentación de instancias na data de ditarse a presente resolución en aplicación da antedita xurisprudencia, pola presente, no uso da competencia que me outorga o art. 21. 1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

RESOLVO

PRIMEIRO. Modificar a convocatoria das probas selectivas por concurso-oposición para selección e provisión dunha (1) praza de conserxe edificio usos múltiples do concello de Xove funcionario interino por vacante do artigo 10.1 a) do TREBEP durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva (Posto 72 RPT) reservada a persoa con discapacidade, deixando sen efecto a dita convocatoria pola perda sobrevida do seu obxecto ao aplicar a subrogación do persoal que prestaba o servizo de conserxería no edificio de usos múltiples de Palmeiro.

SEGUNDO. Publicar a presente modificación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica deste Concello aos efectos oportunos.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Xove, 3 de decembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3444